



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CURSO 2023/2024
EEI BISPO TEODOMIRO

ÍNDICE

1	Introdución	4
2	Obxectivos específicos	4
2	<i>Medidas que se van a desenvolver ao longo do curso</i>	6
3	Recursos previstos para o efecto	6
4	Concreción anual do pe	7
5	Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención o alumnado con NEAE	8
6	Cadro de organización pedagóxica	9
7	Plan de actuación dos órganos colexiados	10
8	Plan de actuación do equipo directivo	13
9	Xornada e horario do centro	14
10	Quendas de atención dos recreos	16
11	Programación e calendario de reunións dos órganos de goberno	16
12	Addenda do Proxecto Lingüístico	16
13	Libros de texto e demais materiais curriculares establecidos polo centro	18
14	Programa anual de actividades complementarias e extraescolares	19
15	Plan de Autoprotección / modificación / observación	21
16	Plan de organización e coordinación das tarefas do persoal non docente	21
17	Horario de atención ás familias e ó resto da comunidade educativa	22
18	Plan para a potenciación e organización das relacións da comunidade coa familia	22
19	Formación do profesorado	22

20	Período de adaptación	23
21	Plan de utilización das instalacións do centro	23
22	Avaliación	24
23	Avaliación da PXA	25
24	Conclusión	26

1 CTIVOS ESPECÍFICOS

A continuación preséntanse os obxectivos específicos que se pretenden acadar ao loegurar a coherencia e concreción da programación didáctica de aula PXA e co PE, asngo deste curso:

- Así como adecuarse á realidade do alumnado e as propias familias.
- Desenvolver unha metodoloxía activa baseada no traballo por proxectos, a aprendizaxe cooperativa e as TICs.
- Favorecer un bo clima de convivencia, aceptación e respecto entre todo o alumnado do centro e demais membros da comunidade educativa.
- Involucrar ás familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas, incrementando a colaboración delas co profesorado e coa comunidade educativa.
- Desenvolver no alumnado as súas capacidades afectivas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos e aos estereotipos sexistas.
- Desenvolver no alumno/a o gusto polo coñecemento e a vivencia dos valores culturais da súa comunidade, que valore a lingua galega como propia e como mostra da identidade de Galicia e fomentala como vehículo de comunicación.
- Coñecer e empregar de maneira axeitada a lingua galega e a lingua castelá e adquirir conceptos básicos na lingua estranxeira.
- Iniciarse na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Involucrarse na realización de actividades para o fomento da lectura mediante a dinamización dos préstamos da biblioteca de aula e levando a cabo actividades de animación cultural.

- Fomentar a participación do alumnado en actividades que o poña en contacto coa contorna próxima e outros membros da comunidade educativa.
- Conseguir a adquisición de hábitos de conduta, hixiene, alimentación ou coidado do medio ambiente que permitan un maior desenvolvemento da autonomía persoal.
- Participar en plans e proxectos que promovan a innovación e supoñan melloras para o alumnado e o propio centro e elaborar de xeito coordinado un material axustado as nosas necesidades educativas, desenvolvendo o currículo da Educación Infantil.
- Continuar coa colaboración que existe co concello, para poder organizar actividades complementarias e poder levar a cabo reformas necesarias no centro.
- Traballar de forma conxunta co DO do CEIP Lamas de Abade.
- Mellorar a dotación do centro e as deficiencias que presentan algunhas instalacións.
- Fomentar o traballo en grupo do claustro e outras escolas unitarias próximas como medio para lograr unha efectiva organización e coordinación.
- Dinamizar e facilitar a organización da formación permanente, sobre todo na realización dos grupos de traballo coas outras mestras responsables.

2 MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO

Para poder acadar os obxectivos anteriormente expostos, algunhas das medidas que se van desenvolver son as seguintes:

- Implicamos ás familias na participación de actividades do centro escolar: saídas, conmemoracións, festividadeas, proxectos...
- Establecemos un intercambio de recursos escola-casa, casa-escola.
- Favorecemos unha acción titorial intensa.
- Continuamos co préstamo de libros semanal da biblioteca.
- Utilizamos as TICs como recurso didáctico e de reforzo educativo.

- Realizamos actividades para fomentar o respecto ao Medio Ambiente.
- Potenciamos da lingua galega de forma atractiva a través de contos, cancións, medios audiovisuais e a asistencia a actividades fóra e dentro do centro escolar
- Solicitamos a participación en programas ou proxectos de innovación educativa (CPinnova, CPinclúe).
- Elaboramos grupos de traballo para a realización de actividades do Plan de Formación.

3 RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

- Recursos humanos:** A mestra-titora, mestres/as especialistas, o DO do centro adscrito, familia e todas as persoas implicadas nas actividades que se leven a cabo tanto dentro como fóra do centro escolar.
- Recursos ambientais:** o propio centro e as instalacións (aula, patio, horto, parque de xogo...) así como a contorna próxima e demais espazos dos que faremos uso para a realización das actividades propostas nas saídas didácticas ou nas festividades que levaremos a cabo.
- Recursos materiais:** todos aqueles existentes no centro educativo e instalacións, así como os propios das actividades que se realicen fóra do centro:
 - o Recursos materiais de aula (paneis e expositores, material de lectura, material plástico plástico, material sensorial...).
 - o Recursos naturais (area, piñas, cunchas, terra ou paus).
 - o Recursos audiovisuais (PDI, mesa de luz ou retroproxector).
 - o Materiais elaborados polas familias e o profesorado (actividades manipulativas, disfraces ou murais).

- o Recursos económicos destinados polo centro tal e como regula o *Decreto 201/2003, de 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.*

Todos estes recursos están concretados na Programación didáctica.

4 CONCRECIÓN ANUAL DO PE

No centro atópase unha copia do Proxecto Educativo elaborado o curso 2021-2022.

5 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN O ALUMNADO CON NEAE

Segundo o *Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, a intervención educativa na Educación Infantil terá carácter preventivo e compensador, evitando que aparezan dificultades de aprendizaxe de maneira temperá ou paliando aqueles trastornos de desenvolvemento xa presentes, para evitar que se intensifiquen.

Este centro non conta con Departamento de Orientación propio, xa que ten menos de 12 unidades, atopándose adscrito ao Departamento de Orientación do CEIP Lamas de Abade. A atención ó alumnado con necesidades de apoio educativo terá en conta o disposto no *Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LOE e a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto*

229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Pautas de intervención:

- Recollida de información para coñecer a orixe ou as causas desa situación, mediante a observación directa e sistemática do alumno/a, conversas, entrevista coa familia, consulta do expediente, etc.
- Se é necesario ou persiste o problema informarase e pedirase asesoramento ao departamento de orientación sobre o problema detectado, que avaliará o neno/a.
- A partir da información obtida poderemos levar a cabo medidas ordinarias seguindo a mencionada *Orde do 8 de setembro de 2021*, tales como:
 - Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
 - Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
 - Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
 - Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
 - Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Se as medidas ordinarias se escotan ou resultan insuficientes, coa debida aprobación dos servizos responsables poderemos levar a cabo medidas extraordinarias, como o apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe ou a flexibilización da duración do período de escolarización.
- **Contacto continuo coa familia**, deseñando estratexias conxuntas para que haxa coherencia e continuidade nos dous entornos: familiar e escolar.

Ademais das necesidades específicas terase en conta a diversidade de intereses, motivacións,

necesidades e capacidades de cada un dos alumnos/as.

6 CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

Beatriz Iglesias Pontes	Mestra titora de 4º, 5º e 6º de Educación Infantil
Juán Manuel Ogando Da Costa Guarda	Mestre itinerante especialista en relixión católica
Beatriz Vidal Elorduy	Mestra itinerante especialista en lingua estranxeira- inglés

- o **Alumnado:** o centro conta actualmente cun total de **9** alumnos/as repartidos da seguinte forma:

2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL	
3- 4 anos	4
4- 5 anos	2
5- 6 anos	3

O horario de cada grupo, inclúese no DOC.

7 PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

O **Consello Escolar** é o órgano de participación dos diferentes membros da Comunidade Educativa, reunirase as veces que legalmente establece a normativa vixente (unha vez ao trimestre) e en cantas ocasións sexa necesario. O Consello Escolar do centro está constituído por:

- Mestra responsable do centro, presidenta do Consello Escolar: Beatriz Iglesias Pontes
- A representante de país/nais de alumnos/as: Alicia Saavedra Ferro
- A representante do Concello: Pilar Lueiro García

Entre as súas funcións recóllese:

1. Aprobar a PXA e avaliar a consecución dos obxectivos suscitados.
2. Promover as relacións e a colaboración familia- escola e fomentar a participación dos sectores e a súa formación.
3. Aprobar as modificacións para actualizar o Proxecto Educativo do centro.
4. Supervisar e aprobar a Xustificación de Ingresos e Gastos do Centro, velando polo cumprimento da execución do Proxecto de Orzamento.
5. Colaborar coa inspección educativa nos planos de avaliación do centro.
6. Constituír no seu seo a comisión económica e a Comisión de Convivencia (segundo o *Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*).

O **Claustro** é o órgano de participación do profesorado do centro, reunirase de forma ordinaria en cada trimestre, e extraordinariamente cantas veces sexa preciso. Está composto por:

- Beatriz Iglesias Pontes, mestra titora e mestra responsable do centro ata o 31 de agosto do 2023.

- Juan Manuel Ogando Da Costa Guarda, mestre itinerante especialista en relixión católica, con centro base no CEIP PIO XII.
- Beatriz Vidal Elorduy, mestra itinerante especialista en lingua estranxeira -inglés, con centro base no CEIP de Ventín.
- **Entre as súas funcións recóllese:**
 1. Realizar o seguimento da consecución de obxectivos da PXA.
 2. Facer propostas de traballo ás comisións, equipos e a outros órganos colexiados e institucións.
 4. Aprobación das modificacións do currículo.
 5. Seguir e valorar o Proxecto Educativo.

As **funcións titoriais** a realizar pola mestra titora responsable do centro serán:

- Intercambiar información relevante para o desenvolvemento do alumno/a cos pais/nais, tutores, e mesmo de axentes externos que estean traballando co alumno/a.
- Facer de nexo entre as familias e a escola.
- Coñecer a información e características persoais relevantes dos seus discentes.
- Realizar as reunións cos tutores/as do alumnado que legalmente se establecen, e todas aquelas que fosen necesarias para o desenvolvemento do alumnado, ben por iniciativa do mesmo docente ou por iniciativa dos tutores/as.
- Manter informados aos pais/nais do desenvolvemento do seu fillo/a nos aspectos académicos e persoais.
- Facer entrega do boletín trimestral de notas aos alumnos/as.

- Avaliar o proceso educativo dos seus alumnos/as, e manter unha coordinación continua co resto do profesorado que imparte algunha docencia no seu grupo.
- Adoptar a decisión que proceda referente a promoción dos alumnos, logo de audiencia dos seus titores/as.
- Coordinar as sesións de avaliación, tomando acta das decisións adoptadas.
- Funcións burocráticas (Actas de Avaliación, Informes Finais de Ciclo...).

8 PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

Como centro de menos de 6 unidades todas as funcións encomendadas aos órganos de goberno unipersoais (director, xefe de estudos e secretario) son asumidas pola mestra responsable da escola: Beatriz Iglesias Pontes

Funcións de dirección:

- Representar ao centro ante outras Institucións.
- Elaborar a PXA, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración Educativa e polo Consello Escolar.
- Convocar e presidir o Consello Escolar.
- Avaliar xunto co Consello Escolar o grado de cumprimento da PXA e recoller as súas conclusións na memoria de fin de curso.
- Colaborar coa inspección educativa.

Funcións de xefatura de estudos:

- Elaborar os horarios académicos de alumnos e profesores de acordo co horario xeral recollido na PXA e velar polo seu cumprimento.

- Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención aos procesos de avaliación ou reforzo e ampliación.
- Facilitar a organización do alumnado e impulsar a súa participación.
- Exercer a xefatura do persoal docente no relativo ao réxime académico.

Funcións de secretaría:

- Levantar acta das sesións e dar fe dos acordos.
- Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.
- Ordenar o réxime económico do centro, realizar a contabilidade e render contas ante o Consello Escolar e as autoridades correspondentes.
- Difundir a toda a Comunidade Educativa a información sobre normativa, disposicións legais ou asuntos de interese xeral ou profesional.
- Velar polo mantemento das instalacións e do material do centro en todos os seus aspectos.

9 XORNADA E HORARIO DO CENTRO

□ HORARIO DO PROFESORADO:

O horario de permanencia no centro por parte do profesorado é de 30 horas semanais que se reparten da seguinte maneira :

- 25 horas lectivas: repartidas entre horas de docencia, recreos e gardas.
- 5 horas de permanencia no centro: tres horas os martes pola tarde, e media hora os luns, mércores, xoves e venres antes da entrada do alumnado.
 - Os martes de 16:00 h.a 17:00 h. Horario de atención a pais/nais.
 - Os martes de 17:00h. a 18:00 h. Reunións de profesorado.

- Os martes de 18:00 a 19:00h. Mantemento do centro e outras actividades.

Os horarios de cada docente inclúense no DOC.

□ HORARIO DO CENTRO E XORNADA ESCOLAR:

O horario do centro é de xornada continua de 9.00 a 14:00 horas segundo a *Orde do 29 de maio de 2008 pola que se establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados*, igualmente, o centro permanecerá aberto os martes pola tarde de 16:00 a 19:00 horas.

Este curso, dende a EEI Bispo Teodomiro, e por razóns de conveniencia pedagóxica, solicitamos como días non lectivos os días 9 de maio (festividade local, que vén determinada polo noso Concello) e 10 de maio (día que se solicita).

Esta data foi acordada cos outros centros educativos do noso Concello, en concreto polo CEIP Lamas de Abade ao que estamos adscritos.

Tal e como establece a *Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, os períodos de vacacións escolares no curso académico 2022/23 serán os seguintes:

- Nadal: desde o día 22 de decembro de 2023 ata o día 7 de xaneiro de 2024, ambos inclusive.
- Entroido: os días 12, 13 e 14 de febreiro de 2024.
- Semana Santa: desde o día 25 ata o día 31 de marzo de 2024, ambos inclusive.

Ademais das festas de ámbito estatal, son días non lectivos os festivos así declarados pola Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e recollidos na mencionada orde de calendario escolar.

10 QUENDAS DE ATENCIÓN DOS RECREOS

A mestra responsable do centro, Beatriz Iglesias Pontes, será a encargada de vixiar a totalidade dos recreos.

11 PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Consello Escolar:

O Consello Escolar reunirase, como mínimo, unha vez por trimestre. Os temas que se tratarán principalmente serán: a admisión de alumnos/as, a aprobación das contas e orzamentos, a aprobación de actividades, etc.

Claustro de profesores:

O Claustro reunirase ao igual que o Consello Escolar, un mínimo dunha vez cada trimestre, para comprobar o grao de cumprimento da PXA e discutir todo o que se refire a práctica docente.

12 ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

A EEI Bispo Teodomiro escolariza durante o presente curso 2023/2024 un total de 9 alumnos/as, 6 deles teñen como lingua materna o idioma galego e 3 o castelán. Polo tanto, atendendo ao *Decreto 79/2010, do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, utilizarase como lingua vehicular o galego. De igual modo, terase en conta a lingua do contorno e coidarase que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento das

dúas linguas oficiais de Galicia a través de actividades e estratexias recollidas na programación didáctica.

Segundo o disposto na Orde do 25 de xuño de 2009, o alumnado disporá de 1 sesión de 50 minutos semanais de lingua estranxeira que será impartida pola mestra especialista procedente do CEIP de Ventín.

Algunhas das actividades que se levarán a cabo para favorecer o desenvolvemento da competencia lingüística do alumnado son:

- Tendo en conta as actuacións diarias na aula:
 - Desenvolvemento de rutinas: asemblea, calendario, lectura de contos, cancións (bos días, días da semana, meses, tempo...).
 - Actividades sociais de saudar, despedirse, pedir...
 - Recanto de biblioteca: co visionado e lectura (tendo en conta a idade e desenvolvemento madurativo do alumnado) de verbas en galego e a labor posterior ás mesmas: conversas dirixidas e libres, manifestación de opinións...
 - Cancións, poesías, refráns: despertando o interese por estes xéneros literarios.
 - Decoración gráfica da aula: coa elaboración de carteis sinalizadores dos distintos recantos, materiais,...
 - Sesións semanais con propostas de estimulación da linguaxe (inventamos contos, repetimos secuencias, clasificamos obxectos na caixa de sons...).
- Actividades complementarias ao longo do curso, que polas súas características, poidan desenvolverse en lingua galega: contos de Samaín e exposición de cabazas, celebración do magosto, propostas de Nadal no calendario de advento, celebración do Entroido, día das Letras Galegas, día de Rosalía...

13 LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS POLO

CENTRO

No curso que se corresponde, traballarase por pequenos proxectos, xurdidos a partir dos intereses que mostre o alumnado. Para isto non serán requiridos libros de texto ás familias, senón que serán os mestres en colaboración cos propios nenos e nenas os que elaboren os seus materiais de traballo.

Ademais disto, traballarase por recantos ou espazos con material específico, aproveitando así os beneficios de traballar en pequeno grupo. Os recantos cos que contamos son: recanto de xogo simbólico e vida práctica, recanto de letras e biblioteca, recanto de números e construcións, espacio de minimundos e construcións, recanto de arte e ambiente exterior en contacto coa natureza.

14 PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Na etapa de educación infantil hai que prestar atención á educación en valores e normas de convivencia que permitan unha incorporación á sociedade democrática con respecto, interese, esforzo e responsabilidade.

As actividades complementarias son aquelas establecidas polo centro dentro do horario de permanencia obrigada do alumnado no mesmo e como complemento da actividade escolar. A programación destas actividades realizarase de conformidade coas directrices que estableza o Consello Escolar e formarán parte da PXA.

As principais **actividades** a realizar concrétanse do seguinte xeito:

- Saídas dentro e fora do concello.

- Organización e colaboración das diferentes actividades e conmemoracións.

As actividades conmemorativas que se propoñen ao longo deste curso, de acordo coa *Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia* e que están especificamente tratadas na Programación didáctica do centro, son:

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 6 ao 10 de marzo de 2024: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Do 17 ao 21 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Do 13 ao 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.

- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Medio Ambiente.

Cando algunha das actividades sinaladas coincida con fin de semana ou festivo, celebrarase en días anteriores ou posteriores a propia data.

Ademais durante o curso programaranse outras **actividades complementarias** para o alumnado, como:

1. A excursión de fin de curso, levarase a cabo en conxunto coas escolas rurais EEI do Gaioso e EEI do Rial.. Esta excursión está sen determinar.
2. Xornada de convivencia do alumnado de 6º de educación Infantil do CEIP Lamas de Abade e da EEI Bispo Teodomiro.
3. Roteiros polo concello
4. Outras actividades que poidan xurdir no centro, como a visita de espectáculos de maxia, contacontos, filmes, etc.

Actividades extraescolares: No centro non se realizan actividades extraescolares, pero os nenos/as da escola poden asistir ás actividades que se celebran no Centro Sociocultural por parte da Asociación de Veciños/as.

15 PLAN DE AUTOPROTECCIÓN / MODIFICACIÓN / OBSERVACIÓN

No centro non se atopa ningunha copia da súa existencia, polo que non pode ser valorado.

16 PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON

DOCENTE

O servizo de limpeza é realizado por unha empresa contratada polo Concello, que acode ao centro todos os días pola tarde cunha duración de 1 hora. Así mesmo, outras empresas encárganse do mantemento da escola: luces, calefacción, avarías, recollida de lixo, xardinería, etc.

17 HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS E Ó RESTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Os martes de 16:00 a 17:00 horas será a tarde establecida para establecer titorías e reunións para asegurar a coordinación. Ademais establecerase contacto dun xeito informal e facilitando información importante dos seus fillos/as nas entradas e nas saídas dos nenos/as do centro, a través da reunión inicial a comezos do curso ou por medio de Abalar.

18 PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA

COMUNIDADE COA FAMILIA

Preténdese unha escola aberta a toda a Comunidade polo que se pide a participación das familias de xeito regular en diferentes actividades. Ademais ao tratarse dunha escola unitaria, a relación coas familias é diaria e próxima. Algunhas das estratexias que levaremos ao longo do curso escolar son os roteiros pola contorna, a celebración do magosto, a implicación nos plans e proxectos que levemos a cabo ou a festa de fin de curso.

19 FORMACIÓN DO PROFESORADO

Promoverase a formación do profesorado en materia de innovación educativa, formación pedagóxica e perfeccionamento co obxectivo de que se reflicta esta formación no proceso de ensino aprendizaxe do noso alumnado.

Manterase a todo o profesorado informado dos cursos, xornadas e congresos que se oferten dende a consellería de educación (CAFI) ou outras entidades.

Este curso continuaremos no centro co PFPP do Plan Dixital en colaboración con outras 2 escolas unitarias: a EEI do Gaioso e a EEI do Rial.

20 PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Para facilitar a adaptación e a incorporación ao Centro do alumnado de 3 anos levamos a cabo as seguintes accións:

- Antes do inicio do curso lectivo levaranse a cabo entrevistas individuais con cada familia.
- No mes de setembro lévase a cabo unha reunión coas familias para explicar o funcionamento do centro.
- Favoreceremos a adaptación do novo alumnado a través de actividades de acollida en colaboración co resto de alumnado do centro.

21 PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

A escola está situada nun edificio de planta baixa, dividido en dúas partes, unha corresponde a aula onde se impartía primaria e que agora se dedica á realización de actividades psicomotrices e outra na que se atopa a aula actual organizada en espazos de aprendizaxe. Entrando pola porta na que se atopa a aula principal temos acceso aos aseos e ao

despacho e zona de almacenaxe. Tamén contamos con espazos cubertos como os soportais que dan acceso a cada unha das aulas ou a zona cuberta á que se accede pola zona traseira e na que se recollen os xoguetes e ferramentas de exterior.

No exterior do edificio dispoñemos de patio ao aire libre composto por unha pasarela de cemento, un parque de xogo (conta con tobogán, casiña e motocicleta de balanceo) e unha zona de céspede na que se atopa o horto escolar.

22 AVALIACIÓN

Na avaliación terase en conta o establecido no Decreto 150/2022 e na Orde do 25 de xuño de 2009. A avaliación será continua, global, formativa.

A avaliación continua permite incorporar medidas de ampliación e reforzo en funcións das necesidades que se deriven da avaliación do proceso educativo. Nas sesións de avaliación valoraranse as aprendizaxes acadadas por cada alumno/a, o grao de desenvolvemento das competencias e as medidas adoptadas ou que se deben adoptar.

Realizaranse as sesións de avaliación trimestralmente. Durante o mes de setembro realizarase unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias co fin de adaptar as programacións de aula e de identificar o antes posible calquera necesidade de reforzo educativo.

□ **Calendario de avaliacións:**

- o Avaliación inicial: finais de setembro.
- o 1ª Trimestre: mes de decembro.
- o 2ª Trimestre: finais de marzo.
- o 3º Trimestre: mes de xuño.

23 AVALIACIÓN DA PXA

Ao finalizar cada trimestre o claustro de mestres fará un seguimento e análise desta Programación Xeral Anual. A realización deste seguimento permitirá adaptar o desenvolvemento dos diferentes proxectos e da mesma PXA á práctica diaria do centro educativo ao longo de todo o curso.

Para isto, tomarase como referencia a seguinte táboa:

ANÁLISE, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA PXA	SI/NON	OBSERVACIÓNS/PROPOSTAS DE MELLORA
Os obxectivos xerais son axeitados e viables		
As actividades a levar a cabo e a temporalización son axeitadas		
Os recursos empregados están ben organizados e distribuídos		
A dirección do centro dá a coñecer todos os proxectos e plans que existen no centro		

O grao de implicación das familias e do resto da comunidade educativa é positivo			Os
A coordinación entre os profesionais implicados no proceso educativo levouse a cabo adecuadamente			

membros do Consello Escolar da EEI Bispo Teodomiro, reuniranse para avaliar a Programación Xeral Anual.

24 CONCLUSIÓN

O actual panorama educativo está en continuo cambio, é por iso que o reto máis importante ao que nos achegamos como mestres/as é adaptar a nosa práctica ás novas necesidades e intereses do alumnado e as propias familias.

Trátase de que entre todos, familia, escola, sociedade, e administración educativa demos o mellor de nós, optimizando os recursos e os medios dos que dispoñemos.